

RESOLUCIÓN do XX de XXXXXXX de 2026 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo de axudantes de carácter facultativo da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo C1, escala técnica de condución.

TEXTO:

Mediante o Decreto 143/2023, do 9 de novembro (DOG núm. 214, do 10 de novembro), apróbase a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Por Decreto 198/2024, do 27 de decembro (DOG núm. 251, do 31 de decembro), apróbase a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A disposición adicional primeira do Decreto 198/2024, do 27 de decembro, establece que poderán convocarse nun único proceso selectivo as prazas ofertadas de persoal funcionario correspondentes aos corpos e escalas de Administración xeral e especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coas derivadas da oferta de emprego público correspondente aos anos 2022 e 2023, que aínda estean pendentes de convocar.

En desenvolvemento do disposto nos artigos 12 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese a obrigatoriedade do uso de medios electrónicos na inscrición das solicitudes de participación neste proceso selectivo.

Esta consellería, no uso das competencias que lle atribúe a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

DISPÓN:

Convocar o proceso selectivo para o ingreso, mediante o sistema de oposición, pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo de axudantes de carácter facultativo da

Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo C1, escala técnica de conducción.

I. Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo é a cobertura de dezanove (19) prazas do corpo de axudantes de carácter facultativo da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo C1, escala técnica de conducción, correspondentes á oferta de emprego público do exercicio 2024, á que se acumulan as provenientes da oferta de 2023, segundo se detalla.

- Oferta de emprego público do exercicio 2023, aprobada polo Decreto 143/2023, do 9 de novembro (DOG núm. 214, do 10 de novembro): nove (9) prazas.

- Oferta de emprego público do exercicio 2024, aprobada polo Decreto 198/2024, do 27 de decembro (DOG núm. 251, do 31 de decembro): dez (10) prazas, das que unha (1) está reservada á quenda de persoas con discapacidade.

Resérvanse cinco (5) prazas para seren cubertas pola quenda de promoción interna. As prazas non cubertas por esta quenda acumularanse ás de acceso libre.

O sistema selectivo será o de oposición.

I.1.1. De conformidade co Decreto 143/2023, do 9 de novembro, e co Decreto 198/2024, do 27 de decembro, do total de prazas convocadas reservarase unha (1) praza para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade cun grao igual ou superior ao 33%.

Se algunha persoa aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade supera os exercicios, pero non obtén praza, e a súa puntuación é superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluída pola súa orde de puntuación neste sistema.

De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante os procesos selectivos darase un tratamento diferenciado ás persoas aspirantes pola cota de discapacidade, no que se refire ás relacións de persoas admitidas e excluídas, aos chamamentos aos exercicios e á relación de persoas aprobadas. Non obstante, ao finalizar cada exercicio e o proceso elaborárase unha relación única na que se incluírán todas as persoas aspirantes que o superasen, ordenadas pola puntuación total obtida, con independencia do tipo de praza pola que optasen.

I.1.2 As persoas que, cumprindo os requisitos establecidos na base I.1.1, opten ás prazas reservadas para persoas con discapacidade deberán indicalo expresamente na solicitude. De non indicalo entenderase que non optan por esta reserva.

As persoas aspirantes só poderán participar nunha das opcións referidas.

I.1.3 De ser o caso, as aclaracións ou as correccións deberán realizarse no prazo de alegacións ás listaxes provisionais de persoas admitidas.

I.1.4. Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP), a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

I.2. Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán posuír no día de finalización da presentación de solicitudes de participación e manter ata o momento da toma de posesión, como persoal funcionario de carreira, os seguintes requisitos:

I.2.1. Promoción interna

I.2.1.1. Idade: Non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.1.2. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de bacharelato ou equivalente e os carnés de condución tipo C e tipo E

Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

Así mesmo, observarase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións do dereito da Unión Europea.

A acreditación das titulacións requiridas deberá tramitarse con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes a través do aplicativo FIDES (<https://fides.xunta.gal>). A titulación académica ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención incluírase no apartado "Expediente-e": "FORMACIÓN-FORMACIÓN ACADÉMICA/PROFESIONAL".

A acreditación dos permisos de condución realizarase no apartado "Expediente-e": "OUTROS MÉRITOS/REQUISITOS-PERMISOS CONDUCIR".

Estas acreditacións realizaranse de conformidade co establecido na Resolución do 5 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública.

As persoas aspirantes que teñan validada a titulación requirida no expediente persoal electrónico do empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia quedan exentas desta acreditación.

I.2.1.3. Pertencer como persoal funcionario de carreira ben ao subgrupo C1 da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (corpo administrativo) ou da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (corpo de axudantes de carácter facultativo), ben ao subgrupo C2 da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (corpo auxiliar) ou da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (corpo de auxiliares de carácter técnico).

Queda expresamente excluído o persoal laboral indefinido non fixo.

I.2.1.4. Ter prestado servizos efectivos, durante polo menos dous anos, como persoal funcionario ben no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou no corpo de axudantes de carácter facultativo da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ben no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou no corpo de auxiliares de carácter técnico da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quedarán exentos do cumprimento deste requisito, as persoas aspirantes que adquirisen a condición de persoal funcionario de carreira ben do corpo administrativo ou do corpo de axudantes de carácter facultativo, ben do corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do corpo de auxiliares de carácter técnico, como consecuencia da superación dalgúns dos procesos de funcionarización ou promoción específica convocados ao abeiro do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de

carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, sempre que conte unha antigüidade mínima de dous anos na categoría profesional dende a cal participou no proceso de funcionarización.

Para estes efectos, consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais (artigo 168 da Lei 2/2015, do 29 de abril), na situación de excedencia por coidado de familiares (artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril), na situación de excedencia por razón de violencia de xénero (artigo 177 da Lei 2/2015, do 29 de abril) e na situación de excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da Lei 2/2015, do 29 de abril).

I.2.1.5. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

I.2.1.6. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada/o ou en situación equivalente, nin ter sido sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

I.2.1.7. Non poderá participar no proceso selectivo o persoal funcionario de carreira que xa pertence á especialidade obxecto desta convocatoria á que pretende optar.

I.2.2. Acceso libre

I.2.2.1. Idade: ter feitos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.2.2. Nacionalidade:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
- c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
- d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

I.2.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de bacharelato ou equivalente e os carnés de condución tipo C e tipo E

Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

Así mesmo, observarase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións do dereito da Unión Europea.

A acreditación das titulacións requiridas deberá tramitarse con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes a través do aplicativo FIDES

(<https://fides.xunta.gal>). A titulación académica incluírase no apartado "Expediente-e": "FORMACIÓN-FORMACIÓN ACADÉMICA/PROFESIONAL".

A acreditación dos permisos de condución realizarase no apartado "Expediente-e": "OUTROS MÉRITOS/REQUISITOS-PERMISOS CONDUCIR".

Estas acreditacións realizaranse de conformidade co establecido na Resolución do 5 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública.

As persoas aspirantes que teñan validada a titulación requirida no expediente persoal electrónico do empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia quedan exentas desta acreditación.

I.2.2.4. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

I.2.2.5. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada/o ou en situación equivalente, nin ter sido sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

I.2.2.6. Ademais dos requisitos anteriores, as persoas aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacidade, terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33%, con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

I.2.2.7. Non poderá participar no proceso selectivo o persoal funcionario de carreira que xa pertence á especialidade obxecto desta convocatoria á que pretende optar.

I.3. Solicitudes.

I.3.1. As solicitudes presentaranse por vía electrónica a través do formulario normalizado accesible no portal web corporativo <https://www.xunta.gal/funcion-publica>, seguindo a ruta «Procesos selectivos»–«Xeración e presentación de solicitudes de procesos selectivos». Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>) e deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentala que esixe a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos.

Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, as persoas aspirantes deberán rexistrar os seus datos de identidade e contacto que se empregarán para as súas solicitudes.

Unha vez completados os datos da persoa solicitante, poderase iniciar o proceso de inscrición.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de "Idioma do exame", se o texto do cuestionario do exercicio deberá de entregarse en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a súa solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar esta opción elixida.

As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ao pago de taxas.

As persoas aspirantes con discapacidade poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

Se a solicitude derivase dunha circunstancia sobrevida, deberán solicitar a adaptación necesaria no prazo dun mes dende que se producise o feito causante e en calquera caso nas 24 horas seguintes á publicación da convocatoria para a realización do exercicio no que proceda a súa aplicación.

As persoas aspirantes das adaptacións sinaladas poderán indicar na mesma epígrafe da solicitude a presenza durante a realización do exercicio de atención médica especializada. Neste suposto, deberán acreditar e presentar antes do remate do prazo fixado, o orixinal ou a copia autentica do informe médico que acredite a necesidade da dita medida.

I.3.2. O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).

I.3.3. As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude de participación e a través da aplicación informática, a seguinte documentación:

a) No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, no que se regula do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.

b) Xustificante da condición de persoa con discapacidade no caso de estar expedido por outra comunidade autónoma.

c) Xustificante da condición de familia numerosa no caso de estar expedida por outra comunidade autónoma.

d) Os datos relativos á exención da taxa consultaránse automaticamente a non ser que as persoas interesadas se opoñan a consulta da documentación, para iso deberán indicalo no cadro correspondente e achegar a seguinte documentación:

- Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade.
- Víctimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.
- Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.
- Demandantes de emprego:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde, polo menos, seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

Para a remisión electrónica, empregará os apartados habilitados aos efectos. Se non dispón de copias auténticas deberá xerar o anexo de documentación e achegar coa súa solicitude, orixinal ou copia debidamente compulsada, dos documentos xustificativos segundo os supostos en que se atopen.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.

- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.
- As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste apartado, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acreditasen mediante sentenza xudicial firme ou resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade ou cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

I.3.4. Para o pagamento da taxa deberá actuar do seguinte xeito:

Pagamento electrónico: deberá introducir os datos da tarxeta, de crédito ou débito, ou bizum, na opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante correspondente.

Se ademais se emprega o certificado dixital, poderá realizarse o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado das entidades que ofrecen esa posibilidade.

Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na pantalla, imprimir o documento de pagamento e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante. Unha vez feito o pago presencial na entidade financeira, deberase acceder á solicitude pendente e continuar a inscrición. Introduciranse os datos relativos á data de ingreso e o NRC (Número de Rexistro Completo) correspondente. Unha vez completados os datos validarase o NRC premendo no botón "Validar NRC".

A Administración devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningún das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte

ao da publicación no DOG da resolución pola que se anuncia a publicación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas.

Para iso será necesario que a persoa interesada presente un escrito dirixido ao Servizo de Selección da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, solicitando a devolución do importe ingresado en concepto de dereitos de exame, que introduza completo o seu número de conta bancaria na aplicación Fides, na epígrafe expediente > datos persoais e que achegue o certificado expedido pola entidade financeira no que figuren os datos asociados a esa conta. A presentación fóra do prazo indicado deste escrito ou do certificado, ou a non introdución en prazo dos datos bancarios en Fides, supoñerá a perda do dereito á devolución do importe ingresado.

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

I.3.5. Finalizado correctamente o proceso de pagamento poderase presentar a solicitude.

Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación para a mesma escala. No caso de presentar varias solicitudes, soamente se terá en conta a última presentada.

O estado das solicitudes poderá ser consultado en calquera momento, accedendo ao sistema en *Inscripcións en procesos selectivos* onde disporá dunha listaxe de todas as solicitudes presentadas pola persoa aspirante.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes disporán de axudas e formas de contacto específicas en cada pantalla.

I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal aprobará a relación provisional de

persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución que será publicada no DOG. As listaxes coas persoas aspirantes, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, e das causas das exclusións que procedan, publicaranse no portal web corporativo xunta.gal/funcion-publica. Estas listaxes indicarán a relación de persoas aspirantes que están exentas de realizar a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega referida na base **II.1.1.4.**

I.4.2. As persoas aspirantes excluídas, ou aquelas que non figuren nin como admitidas nin como excluídas, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da dita publicación da resolución no DOG, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Igualmente, no mesmo prazo poderán alegar respecto da falta de exención da proba de acreditación do coñecemento da lingua galega.

As alegacións contra as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas deberán presentarse a través do aplicativo FIDES (<http://fides.xunta.gal>).

As persoas aspirantes afectadas poderán acceder a solicitude correspondente e completar os documentos solicitados.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas nunha nova resolución da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal pola que se aprobará a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que será publicada no DOG. As listaxes definitivas coas persoas aspirantes, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, e das causas das exclusións que procedan publicaranse no portal web corporativo xunta.gal/funcion-publica.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

II. Proceso selectivo

II.1. Oposición.

O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura como anexo I desta resolución.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, con data límite da data de finalización de presentación de solicitudes, contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

II.1.1. Exercicios.

As probas da oposición consistirán na superación dos seguintes exercicios, todos eles eliminatorios e obrigatorios.

O primeiro e segundo exercicios, descritos a continuación, realizarase de modo simultáneo na mesma sesión. O tempo máximo de duración conxunta de ámbolos dous exercicios será de cento oitenta (180) minutos.

II.1.1.1. Primeiro exercicio.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de noventa (90) preguntas tipo test, das que vinte e cinco (25) corresponderán coa parte xeral do programa e sesenta e cinco (65) coa parte específica do programa que figura no anexo I.

A devandita parte disporá de cinco (5) preguntas de reserva, das cales dúas (2) corresponderá á parte xeral do programa e tres (3) á parte específica e que substituirán ás preguntas anuladas de cada parte pola súa orde.

As persoas aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentas de contestar ás preguntas da parte xeral do programa, polo que contestarán unicamente ás sesenta e cinco (65) preguntas da parte específica e ás correspondentes preguntas de reserva.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa.

~~As persoas aspirantes non poderán facer uso de manuais ou textos legais ou de consulta para a realización desta proba.~~

Na quenda de promoción interna, superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan un mínimo do 40%, das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

No acceso libre, superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas por esta quenda sempre que acaden o mínimo do 40%, das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, no que se refire ao número máximo de prazas convocadas pola quenda de acceso libre, cabe atermose ao previsto na base I.1 desta convocatoria, con independencia de que as prazas non cubertas pola quenda de promoción interna se acumulen ás prazas convocadas pola quenda de acceso libre.

Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas.

O exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte (20) puntos.

II.1.1.2. Segundo exercicio.

As persoas aspirantes deberán contestar por escrito un cuestionario de carácter práctico relacionado coas materias que figuran na parte específica do programa que figura no anexo I, cun total de cincuenta (50) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva que substituirán ás preguntas anuladas de cada parte pola súa orde.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

~~As persoas aspirantes non poderán facer uso de manuais ou textos legais ou de consulta para a realización desta proba.~~

Na quenda de promoción interna, superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan un mínimo do 50% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Na quenda libre, superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan o mínimo do 50% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

A corrección deste segundo exercicio unicamente se realizará no caso de superar as persoas aspirantes o primeiro exercicio. De non ser así, as persoas aspirantes serán consideradas non avaliadas.

A cualificación do segundo exercicio será de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de dez (10) puntos para a súa superación.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes á realización do primeiro e segundo exercicio publicaranse os contidos dos cuestionarios así como as respostas correctas no portal web corporativo xunta.gal/funcion-publica.

A data de realización do primeiro e segundo exercicio non terá lugar antes dos seis (6) meses posteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

II.1.1.3. Terceiro exercicio.

As persoas aspirantes deberán superar un exercicio práctico de carácter eliminatorio no cal se acredite a competencia no manexo de vehículos híbridos e eléctricos, na práctica dunha condución segura e coñecementos básicos de carácter práctico.

Este terceiro exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte e cinco (25) puntos.

O exercicio estrutúrase en tres probas de realización independente entre elas. Xunto cos resultados do segundo exercicio, o tribunal publicará os criterios de puntuación de cada un dos aspectos valorados nas distintas probas así como o nivel mínimo de aptitude esixido respecto de cada un deles.

As persoas aspirantes deberán presentarse á realización das probas co carné de conducir en vigor.

As probas deste exercicio realizaranse dun modo independente entre elas. A primeira proba realizarase un prazo mínimo de dous (2) días hábiles desde o remate do exercicio anterior e máximo de corenta (40) días hábiles.

A segunda e a terceira proba realizaranse, segundo convocatoria efectuada polo tribunal cualificador, no circuíto previamente determinado este. En consideración ao número de persoas aspirantes convocadas, o tribunal poderá decidir a realización das probas en diferentes chamamentos.

II.1.1.3.a) Primeira proba. Coñecementos básicos de carácter práctico. Puntuación máxima 6 puntos

As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de vinte (20) minutos para a realización desta proba. O exercicio consiste na correcta cumprimentación dun parte amistoso de accidente de circulación nun tempo máximo de vinte (20) minutos, segundo o suposto elixido por sorteo de entre dous exames prácticos propostos polo tribunal.

Para a valoración desta proba, o tribunal terá en conta as competencias para a correcta cobertura dos datos básicos do parte así como daqueles outros datos complementarios que son propios deste documento.

II.1.1.3.b) Segunda proba. Condución de vehículos híbridos ou eléctricos (máximo 20 puntos).

As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de trinta (30) minutos para a realización desta proba. Nela serán valoradas as seguintes cuestións:

- Procedementos de acendido e apagado do vehículo (tempo máximo 2 minutos).
- Aplicación de técnicas de condución eficiente. O tribunal valorará, entre outros, os seguintes aspectos:
 - a) Posta en marcha: arranque do motor sen pisar o acelerador e iniciar a marcha inmediatamente.

b) Velocidade e aceleración: Manter unha velocidade constante e uniforme, evitando aceleracións bruscas. Acelerar suavemente.

c) Anticipación e freado: Levantar o pé do acelerador e deixar rodar o vehículo coa marcha engranada ante obstáculos (semáforos, retencións), utilizando o freno motor en lugar de frear bruscamente ao final.

d) Climatización: Usar o aire acondicionado moderadamente e manter a fiestra pechada a alta velocidade para reducir a resistencia aerodinámica.

- Manexo básico do sistema de navegación GPS. Os aspirantes deben acreditar un coñecemento dos sistemas de navegación de xeito que podan dirixir o vehículo ás distintas zonas e rúas dos distintos servizos asignados (tempo máximo 8 minutos).

- Realización de manobras de estacionamento e control do vehículo a baixa velocidade. Este exercicio pretende coñecer as habilidades dos aspirantes para realizar manobras de estacionamento e control do vehículo a baixas velocidades, para o cal se valorará, entre outros aspectos, a colocación final do vehículo, a invasión de liñas ou límites, a falta de control do vehículo.

Consideraranse non aptas as persoas aspirantes que durante a execución da proba ocasionen golpes, impactos ou xeren situacións de risco manifesto.

II.1.1.3.c) Terceira proba. Prácticas de condución segura. Puntuación máxima 14 puntos

As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de trinta (30) minutos para a realización desta proba. Nela serán valoradas as seguintes cuestións:

- Posición e ergonomía do condutor. Manexo do volante e control da dirección. Preténdese valorar a posición do condutor así como o manexo do volante e control da dirección, para o cal se deberán considerar a distancia adecuada cos pedais e co volante, o axuste óptimo do asento, a colocación correcta do repousacabezas e a colocación das mans no volante.

- Uso coordinado do acelerador e do freo. As persoas aspirantes deberán acreditar o manexo coordinado do acelerador e o freo. O uso coordinado do acelerador e o freo implica operar ambos pedais exclusivamente co pé dereito, pivotando sobre o talón para transicións suaves. Valoranse, entre outros aspectos, a posición do talón, evitar os movementos e freazos bruscos, a coordinación do freado e desaceleración ante da realización de xiros, arranque en pendentes evitando retrocesos, así como a freada modulada sen bombeo.
- Adherencia do pneumático e control da estabilidade. O tribunal avaliará a técnica de condución que favoreza unha maior adherencia dos pneumáticos e un control da estabilidade do vehículo, para o cal terá en consideración:
 - a) a realización dunha condución suave que evite movementos bruscos do volante e cambios de marcha repentinos para non romper a adherencia,
 - b) aceleración suave e freado que permita manter o control do vehículo,
 - c) en condicións adversas a diminución considerable da velocidade,
 - d) a forza aplicada sobre a dirección na entrada das curvas evitando deslizamentos.
- Uso adecuado dos sistemas de seguridade do vehículo. O tribunal valorará se as persoas aspirantes realizan as comprobacións necesarias para garantir o estado adecuado dos sistemas de seguridade activa e pasiva do vehículo. Con carácter xeral, entre outras, serán valoradas as técnicas relativas ao correcto uso das luces, dos cintos de seguridade e a comprobación do estado dos pneumáticos.

O exercicio realizarase nun modelo de vehículo de entre aqueles que integran o Parque Móbil da Xunta de Galicia.

Coa finalidade dunha ofrecer unha maior información ás persoas apirantes, entre outros, integran o Parque Móbil da Xunta de Galicia os seguintes modelos de vehículos:

- Citroën C5 X (híbrido enchufable)
- Citroën C5 Aircross (híbrido enchufable)
- Citroën C4 100% eléctrico

Igualmente, os modelos de navegador GPS son os seguintes:

- 17.1.33 PI 25.0 (Mapas 44749 Europa)
- 16.15.0 PI 22.12 (Mapas 44666 Europa)

A execución da segunda e terceira proba será pública, pero non se permitirá a súa gravación por medio audiovisual algún porque puidera afectar á seguridade, ao dereito á intimidade persoal e á propia imaxe das persoas intervenientes nesta.

II.1.1.4. Proba de acreditación do coñecemento da lingua galega.

De conformidade co disposto no artigo 51 de Lei 2/2015, do 29 de abril, as persoas aspirantes deberán realizar este exercicio, que constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de sesenta (60) minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá ao tribunal determinar o coñecemento da lingua galega de acordo ao nivel do Celga 4 requirido no proceso selectivo. **Non poderán superar o proceso selectivo as persoas aspirantes declaradas non aptas.**

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten a posesión no día da finalización do prazo de presentación de instancias neste proceso, do Celga 4 ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional

segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

A súa acreditación deberá tramitarse con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes a través do aplicativo FIDES (<https://fides.xunta.gal>) no apartado "Expediente-e":"IDIOMAS-GALEGO". Esta acreditación realizarase de conformidade co establecido na Resolución do 5 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública.

As persoas aspirantes que teñan validada a acreditación do nivel requirido (ou superior) de coñecemento da lingua galega no expediente persoal electrónico do empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia quedan exoneradas desta acreditación.

A Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal publicará, xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos, a relación das persoas aspirantes exentas de realizar a proba de acreditación do coñecemento do idioma galego.

O tribunal fixará a data de realización desta proba de acreditación na mesma resolución pola cal se convoca ás persoas aspirantes para a realización do primeiro e segundo exercicio.

II.1.2. Desenvolvemento dos exercicios.

II.1.2.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra H, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do de Facenda e Administración Pública do 31 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 29, do 9 de febreiro), pola que se fai público o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 18 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 19, do 26 de xaneiro).

II.1.2.2. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

II.1.2.3. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal como colaboradoras.

II.1.2.4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

II.1.2.5. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame.

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

II.1.2.6. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no DOG e no portal web corporativo xunta.gal/funcion-publica con corenta e oito (48) horas, polo menos, de anticipación á sinalada para o seu inicio.

II.1.2.7. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización do exercicio, anulase

algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicará a correspondente resolución no DOG. As alegacións das persoas aspirantes deberán presentarse a través do aplicativo FIDES (<http://fides.xunta.gal>).

II.1.2.8. A resolución pola que se acorda a publicación dos resultados dos exercicios publicarase no DOG. A listaxe coas persoas aspirantes, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade publicarase no portal web corporativo da Xunta de Galicia xunta.gal/funcion-publica.

As persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ás puntuacións do exercicio, no prazo de dez (10) días hábiles que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no DOG da resolución do tribunal referida no parágrafo anterior.

A tramitación destas alegacións deberán presentarse a través do aplicativo FIDES (<http://fides.xunta.gal>).

II.1.2.9. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal propondrá a súa exclusión do proceso selectivo ao órgano convocante, que publicará a resolución que corresponda.

II.1.2.10. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

No caso de que o tribunal acorde parámetros para a cualificación do exercicio, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.

II.1.2.11. A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma da puntuación dos exercicios da oposición. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

Non obstante, para asegurar a cobertura das vacantes, se se producisen renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducise que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan ser nomeadas persoal funcionario de carreira.

III. Período de prácticas.

III.1. As persoas aspirantes que superen a fase de oposición con mellor orde de prelación, ata un número igual ao de prazas convocadas, realizarán un período de prácticas que, igualmente, deberán superar con aproveitamento como requisito indispensable para obter o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

As prácticas terán como finalidade a preparación das persoas aspirantes para o exercicio das funcións atribuídas ao Parque Móbil da Xunta de Galicia.

Durante este período, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas coa situación xurídica prevista nos artigos 16 e 17 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo, e demais disposicións de aplicación.

III.2. O período de prácticas terá unha duración de dous (2) meses e regularase por resolución da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal ditada para ese efecto.

III.3. O período de prácticas valorarase como apto ou non apto e para superalo é necesario obter o resultado de apto.

III.4. Respecto deste proceso selectivo, as persoas aspirantes que non superen o período de prácticas perderán todos os seus dereitos para o nomeamento como persoal funcionario de carreira, por resolución motivada da autoridade que efectuase a convocatoria por proposta da **Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e logo de oída a** Comisión de Persoal.

Non obstante o anterior, as persoas aspirantes que non superen o curso selectivo poderán incorporarse ao curso inmediatamente posterior, coa puntuación asignada na fase de oposición á última persoa do listado de participantes nel. Se non o superasen novamente perderán todos os seus dereitos a ser nomeados/as funcionarios/as de carreira.

III.5. Unha vez rematado o período de prácticas e ata que se proceda ao seu nomeamento como persoal funcionario de carreira, as persoas aspirantes continuarán prestando servizos como persoal funcionario en prácticas.

IV. Tribunal.

IV.1. O tribunal cualificador do proceso será nomeado por resolución da consellería competente en materia de emprego público, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, artigo 60 do TRLEBEP, artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e o Decreto 95/1991, do 20 de marzo.

IV.2. As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, no artigo

59.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá ser comunicada á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na base III.9 e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar as integrantes do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

IV.3. A autoridade convocante publicará no DOG a resolución correspondente pola que se nomeen as novas persoas integrantes do tribunal cualificador que substituirán ás que perdesen a súa condición por calquera das causas previstas na normativa aplicable.

IV.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento do tribunal no DOG. Na dita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

IV.5. A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas que ocupen a presidencia e a secretaría, ou de quen as substitúa.

IV.6. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

IV.7. Por cada sesión do tribunal levantarase unha acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa que ocupe a Secretaría e o visto e prace da persoa que ocupe a Presidencia, ou quen as substitúa.

IV.8. A Presidencia do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios do proceso selectivo sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes ás que corresponden os resultados obtidos.

IV.9. O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

IV.10. O tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as restantes participantes. Para tal fin estableceranse para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3 as adaptacións de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización do proceso selectivo, o tribunal tivese dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala ao que opta poderá solicitar o ditame do órgano competente.

IV.11. O tribunal terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia. Para os efectos do previsto no dito decreto, entenderase que a designación do tribunal cualificador realizada segundo o disposto na base IV.1 implicará a autorización da orde de servizo para que os seus membros poidan desprazarse ao lugar acordado para cada unha das sesións convocadas dentro do número máximo autorizado.

A Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal determinará o dito número máximo de sesións autorizado ao tribunal e poderá amplialo baseándose en causas xustificadas.

IV.12. O tribunal non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito, tendo en conta o previsto na base II.1.2.11.

IV.13. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de emprego público nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

IV.14. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixiranse electronicamente á Consellería de Facenda e Administración Pública, Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal (Edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela).

IV. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal funcionario de carreira.

V.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da oposición.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase, por orde, aos seguintes criterios ata que se resolva:

- De conformidade co disposto no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, relativo á infrarrepresentación do xénero feminino neste grupo, escala e especialidade, o desempate dirimirase a prol da muller.
- **Puntuación obtida nos exercicios pola súa orde de realización.**
- Orde alfabética recollida na base II.1.2.1.
- En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

V.2. Unha vez rematado o proceso selectivo, o tribunal publicará no DOG a resolución pola que se declaran de persoas aspirantes que o superaron o dito proceso; as listaxes coas persoas aspirantes que superaron o proceso, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade ou equivalente, ordenadas polas puntuacións acadadas, publicaranse no portal web corporativo xunta.gal/function-publica. Na mesma resolución propondrá o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

A partir do día seguinte ao da publicación no DOG da referida resolución, estas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

~~a) Títulos académicos esixidos na base I.2 ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentar credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.~~

~~Deberá tramitarse a través do aplicativo FIDES (<https://fides.xunta.gal>) no apartado "Expediente e": "FORMACIÓN FORMACIÓN ACADÉMICA/PROFESIONAL". Esta acreditación realizarase de conformidade co establecido na Resolución do 5 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública.~~

~~As persoas aspirantes que teñan validada a titulación requirida no expediente persoal electrónico de empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia quedan exentas desta acreditación.~~

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separada/o nin despedida/o mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo do que foi separada/o ou inhabilitada/o, nin pertencer ao mesmo corpo ou escala, segundo o modelo que figura como anexo II a esta convocatoria.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitada/o ou en situación equivalente, nin ter sido sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos mesmos termos, segundo o modelo que figura como anexo III a esta convocatoria.

b) Un certificado ou un informe médico sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Os certificados ou informes non poderán ter unha data de emisión anterior aos tres (3) meses da súa presentación.

c) As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% que superen o proceso selectivo deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade e, de ser o caso, da Administración correspondente.

A consellería competente en materia de emprego público solicitará ao órgano competente a documentación que acredite que as persoas aspirantes que accedan por esta cota de reserva reúnen os requisitos de compatibilidade co desempeño das correspondentes funcións.

As persoas aspirantes poderán autorizar á Administración a dita consulta mediante solicitude expresa remitida xunto co resto da documentación.

Non obstante o anterior, as persoas aspirantes pensionistas da Seguridade Social que acrediten a súa discapacidade mediante o recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, así como as persoas aspirantes pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, deberán acreditar a compatibilidade da súa discapacidade co desempeño das funcións propias do corpo, escala e, de ser o caso, especialidade profesional ou categoría deste proceso selectivo.

~~e) Permiso de conducir da clase C + E en vigor.~~

~~Deberá tramitarse a través do aplicativo FIDES (<https://fides.xunta.gal>) no apartado “Expediente e”: “OUTROS MÉRITOS/REQUISITOS”. Esta acreditación realizarase de conformidade co establecido na Resolución do 5 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública.~~

V.3. As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2 non poderán ser nomeadas persoal funcionario de carreira e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

V.4. Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario de carreira mediante resolución da consellería competente en materia de emprego público que se publicará no DOG e indicará o destino adxudicado.

V.5. A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base IV.1.

Non obstante, ás persoas aspirantes que superen este proceso selectivo pola quenda de promoción interna adxudicaráselles destino no mesmo posto que viñesen desempeñando con carácter definitivo sempre que figure na relación de postos de traballo aberto ao corpo, escala e especialidade á cal acceden.

IV.6. A toma de posesión das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no DOG, de conformidade co artigo 60.e) da Lei 2/2015, do 29 de abril.

VI. Disposición derradeira.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da consellería competente en materia de emprego público no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnalas directamente ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, XX de XXXXX de 2026

O conselleiro de Facenda e Administración Pública

P.D. (Orde do 8 de xaneiro de 2020; DOG núm. 16, do 24 de xaneiro)

Nuria Aguilar Vázquez

Directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

ANEXO I

Programa que rexerá as probas selectivas para o ingreso no corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de condución

a) Parte xeral.

Tema 1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I, título II, capítulo I do título III e título VIII.

Tema 2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia: títulos preliminar, I, II e III.

Tema 3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: títulos preliminar, I, II, III, IV e V.

Tema 4. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: título preliminar, capítulos I, II, IV e V do título I e seccións 1ª, 2ª e 3ª do capítulo I do título II.

Tema 5. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título I, título III, título IV, título V, capítulos III e IV do título VI, e título VIII.

Tema 6. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.

Tema 7. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: títulos preliminar, I, II (capítulos I, II e XI), VI, VII e VIII.

Tema 8. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: título I.

Tema 9. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar; sección 1ª do capítulo V e capítulo VIII do título I e título II.

Tema 10. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I, II e III.

b) Parte específica

Tema 1. Código de circulación. O Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial. Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

Tema 2. Decreto 327/1994, do 3 de novembro, polo que se regula o servizo de automobilismo da Xunta de Galicia. Orde do 23 de novembro de 1994, pola que se desenvolve o Decreto 327/1994, polo que se regulan os servizos de automobilismo da Xunta de Galicia.

Tema 3. Código Ético institucional da Xunta de Galicia de 24 de xullo de 2014. Protocolo da Xunta de Galicia de actuación fronte o acoso e as violencias sexuais e psicolóxicas no traballo.

Tema 4. O condutor. Factores que diminúen as aptitudes do condutor. Permiso e licenzas de conducción: clases e vehículos autorizados para conducir. O vehículo: definicións, documentación, a carga e persoas transportadas.

Tema 5. O accidente de circulación: comportamento en caso de accidente e parte amistoso. Delitos contra a seguridade do tráfico. Nocións básicas de primeiros auxilios.

Tema 6. Funcionamento dun motor de catro tempos: admisión, compresión, explosión ou acendido e escape. Clasificación dos motores: pola súa disposición, polo número de cilindros e polo tipo de combustible.

Tema 7. O engraxamento: aceites, a súa finalidade e tipos. Sistemas de engraxamento. Cambio de aceites, ventilación. Filtración. Refrixeración no vehículo: funcións, distintos tipos de refrixeración, e o seu coñecemento.

Tema 8. Elementos de seguridade: freos, tipos e o seu coñecemento. A suspensión: órganos de suspensión e amortecemento do automóbil. Funcións dos amortecedores

~~Tema 9. A transmisión: caixa de cambios. Árbore de transmisión. Diferencial. Palieres. Embrague, a súa misión.~~

~~Tema 10. Electricidade do vehículo. Batería. Bobina. Ruptor. Distribuidor. Buxías. Regulación. Alternador. Motor de arrincada. Béndix. O condensador. O delco. Simbología: corrente continua, corrente alterna, fusible, resistencia, condensador, amperímetro, voltímetro, motor xerador, interruptor.~~

~~Tema 11. O motor diésel: órganos principais. Bomba de inxección e inxectores: funcionamento. Bomba de alimentación. Arrincada en frío, quentadores.~~

~~Tema 12. Pneumáticos e lamias. Aliñamento do eixe dianteiro. Convergencia e caída. O fenómeno «aquaplaning». Mantemento sistemático e reparacións elementais dun vehículo. Avarías, síntomas. Reparacións de emerxencias.~~

Tema 9. A contratación das operacións de mantemento de vehículos do Parque Móbil da Xunta de Galicia. Clases de mantemento dos vehículos. O mantemento preventivo. O mantemento correctivo. Procedemento administrativo para o uso do servizo (autorización administrativa e cita previa).

Tema 10. A subministración e substitución dos pneumáticos dos vehículos do Parque Móbil da Xunta de Galicia. Procedemento administrativo para o uso do servizo (autorización administrativa e cita previa). A reparación de pneumáticos: tipos de prestación.

Tema 11. A contratación dos servizos de limpeza dos vehículos do Parque Móbil da Xunta de Galicia. Tipos de lavado e limpeza de vehículos. A cita previa para operacións de lavado e limpeza do vehículo.

Tema 12. A subministración de combustible e recarga de baterías a través de tarxetas con soportes magnético. Os servizos de lavado en máquinas de autolavado, a través de tarxetas de soporte magnético. Os servizos de pagamento en autoestradas e aparcamentos a través de tarxetas con soporte magnético ou a través de dispositivos OBE.

Tema 13. Tipoloxía de vehículos eléctricos e electrificados. Compoñentes do vehículo eléctrico (baterías, motores, sistemas de climatización, cargador de bordo en corrente alterna, etc.). Modos de conducción e consumo dun vehículo eléctrico. Manobras de conducción segura nos vehículos eléctricos (acendido; arrincada, aceleración e resposta; desprazamentos; son exterior a baixa velocidade; freada e freada rexenerativa; curva; ausencia de sistemas de escape).

Tema 14. A recarga do vehículo eléctrico (tipos de carga, potencia, conectores e cables). A carga en instalacións propias, aparcadoiros dedicados e a carga pública. Operacións de carga. Sistema de pagamentos en carga pública

Tema 15. Seguridade e saúde: conceptos xerais. Medidas de seguridade no manexo dos vehículos. Riscos específicos asociados ao vehículo eléctrico: a manipulación de baterías, os conectores de recarga, riscos derivados de accidentes de circulación, desconexión do sistema de alta tensión.

Tema 16. Prevención de riscos laborais na conducción. Conceptos básicos en materia de prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas do persoal empregado público en materia de prevención. Riscos específicos asociados á conducción de vehículos: fatiga, distraccións,

estrés e condicións ambientais. Medidas preventivas e de protección. Ergonomía na conducción.

Tema 17. Condución eficiente e sostible. Concepto e principios básicos. Técnicas de condución eficiente: arranque, aceleración, uso das marchas, velocidade e anticipación. Redución do consumo de combustible e de emisións contaminantes. Mantemento do vehículo e a súa influencia na eficiencia. Condución eficiente en vehículos eléctricos e híbridos. Impacto ambiental da condución e mobilidade sostible.

Tema 18. Planificación de rutas e uso de sistemas de navegación. Selección e planificación de itinerarios: criterios de eficiencia, seguridade e optimización do tempo. Uso de sistemas de navegación e posicionamento: GPS e aplicacións dixitais. Actualización da información do tráfico e xestión de incidencias en ruta. Alternativas de itinerario. Organización de desprazamentos oficiais.

ANEXO II

(nome e apelidos aspirante) _____, con domicilio en _____, con NIF/NIE/pasaporte _____, declara, para os efectos de ser nomeado/a persoal funcionario de carreira do corpo de axudantes de carácter facultativo da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo C1, escala técnica de conducción, que non foi despedida/o nin separada/o mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou órgano constitucional ou estatutario das comunidades autónomas, nin se atopa en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao dito corpo ou escala.

_____, ____ de _____ de 202 _____

ANEXO III

(nome e apelidos aspirante) _____, con
domicilio en _____, con
NIF/NIE/pasaporte _____, declara, aos efectos de ser nomeada/o persoal
funcionario de carreira do corpo de axudantes de carácter facultativo da Administración
especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo C1, escala
técnica de conducción, que non se atopa inhabilitada/o ou en situación equivalente nin foi
sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de _____
_____, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

(país e localidade) _____, _____ de _____ do 202 _____